

## Algunhas breves instrucións para recoller os nomes das plantas

Partimos do principio básico de máxima fidelidade á lingua dos informantes.

a) O primeiro e máis importante é intentar recoller o máis fielmente posible o nome ou nomes recollidos, tal e como os pronuncian os informantes. Debemos evitar “corrixilos” de acordo cos nosos criterios particulares ou tentar adaptalos á forma estándar.

b) A denominación estándar procederá do catálogo de referencia que se escolla.

c) Evidentemente, sería conveniente respectar ao máximo as convencións ortográficas e saber previamente se unha forma se escribe con <h> ou sen >h> , con <v> ou <b> Pero estas grafías non alteran a pronuncia, de modo que este non é un asunto importante para nós: en caso de dúbida, sen <h> e todo con <b> .

Outra cousa moi distinta son as variacións ortográficas que representan sons diferentes. Supoñamos que o informante di *bedoeiro* no canto de *bidueiro*: debemos rexistrar que o que el di é a forma *bedoeiro*. Se o falante di *sesta* en vez de *xesta*, o mellor é recollermos *sesta*. Se o informante di *murgo*, debemos recoller *murgo* e non *musgo*.

Hai algúns casos particulares que merecen un comentario propio.

a) Para representar a gheada ou os sons similares débese usar o dígrafo acostumado <gh>, non a grafía do español <j>: *sabugueiro* e *cangorza* sen gheada, *sabugheiro* e *canghorza* con gheada. A representación deste trazo é especialmente interesante nas palabras que teñen –ng–.

b) Se a forma recollida ten seseo (inicial ou final de sílaba), débese representar graficamente de forma que sexa evidente a pronuncia seseante: *herba da pezoña* sen seseo / *herba da pesoña* con seseo. A Ulloa non é hoxe zona seseante, pero poden conservarse na fitonimia fósiles de períodos en que si o foi.

c) É desexable indicar o grao de abertura das vogais medias tónicas (os <e> e <o> abertos e pechados). Para iso, propónse usar unha convención moi estendida: usar o acento grave ( ` ) sobre as vogais medias abertas (tòxo) e usar o circunflexo ( ^ ) sobre as pechadas (tôxo). (Esta distinción é pertinente facela. Como indiquei na reunión preparatoria, na parroquia de Sambreixo de Monterroso pronúnciase tòxo e en Meixide de Palas de Rei tôxo, por indicar un exemplo.) Se non se usa un destes signos entendemos que non se marca o timbre.

Debe terse en conta que, con posterioridade, haberá que facer un traballo de lematización, isto é: quen busque pola forma estándar *bidueiro* ten que poder encontrar todos os datos de todas as variantes presentes na base: *bidueiro*, *bedueiro*, *budueiro*, *abidueiro*, *bidoeiro*, *vidoeiro*... Pero quen busque unha variante concreta tamén ten que poder localizala e comprobar a súa extensión: por iso debemos consignala tal e como a proporcionou o informante. Todas as persoas que participen no traballo, tamén os informadores, deben saber que toda variante lingüística é importante.

Nota: aínda que non forma parte *stricto sensu* destas instrucións, reproduzo, a xeito de xustificación, as palabras de Beatriz Teresa Álvarez Arias na súa tese doutoral *Nombres vulgares de las plantas en la Península Ibérica e Islas Canarias* (2006):

El análisis de la nomenclatura popular botánica de una zona, de su riqueza y de su diversidad, tiene gran importancia ya que, no sólo proporciona información sobre su nivel de aislamiento sino que, además, permite conocer la vitalidad lingüística y, sobre todo, el grado de vinculación existente entre la población y el mundo vegetal en dicha zona. La razón de ésto estriba en que el hombre da nombres a aquellas plantas que bien porque las usa, bien porque conoce sus propiedades (sobre todo, si éstas son perjudiciales), bien porque abundan o bien porque son llamativas le resultan más familiares. Con lo cual debe tenerse bien presente que si determinados taxones pierden sus denominaciones en una zona es porque hace ya mucho tiempo que dejaron de ser importantes para la población de ese lugar.